

## Indicadores de lonxeidade

Resumo de resultados 25/05/2018

### Índice

Introdución.....	1
Indicadores demográficos.....	1
Indicadores sociais e educativos.....	5
Indicadores sanitarios.....	11
Indicadores laborais e económicos.....	14

### Introdución

A lonxeidade, entendida como a duración da vida do ser humano, incrementouse de forma espectacular durante todo o século XX e segue avanzando no século XXI. O envellecemento poboacional é un dos temas que máis preocupa actualmente en Galicia, precisamente por ser unha das rexións nas que este fenómeno se presenta con maior intensidade no territorio español e europeo.

O grupo de poboación que se pode identificar co distintivo “persoa maior” precisa de información específica, desde distintos ámbitos: demográfico, social, educativo, sanitario, laboral e económico. Con esta operación estatística o IGE presenta un [conxunto de indicadores](#) sobre os individuos de 65 ou máis anos que pretende ofrecer unha visión da situación actual deste colectivo.

### Indicadores demográficos

A porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos con respecto ao total de poboación de Galicia aumenta ano tras ano. Na actualidade representa o 24,6% (ano 2017) e as previsións apuntan a que se situará no 31,3% dentro de catorce anos.

## Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos


Unidade: %

Espazo	2017	2031
España	19,0	25,6
Galicia	24,6	31,3
- A Coruña	23,9	30,8
- Lugo	28,7	34,5
- Ourense	30,9	36,3
- Pontevedra	21,7	29,3

Fonte: IGE. Indicadores demográficos; INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))

## Evolución do índice de envelhecimento. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo ([descarga da serie ata 2017 e dende 2018-2031 \(datos proxectados\)](#))

Un indicador utilizado para medir a evolución deste colectivo no tempo é o denominado “Índice de envellecemento”, que relaciona a poboación de 65 ou máis anos con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que en España este indicador na actualidade toma valores en torno a 95, en Galicia presenta un continuo incremento ata o valor 154,8 no ano 2017; as previsións apuntan na mesma dirección de incremento na seguinte década, chegando a tomar valores superiores a 232 no ano 2031.

A estrutura do grupo de persoas de 65 ou máis anos varía no tempo. Mentres que no ano 2017 o colectivo de 75 a 79 anos representa o 17,1% das persoas de 65 ou máis anos, as previsións indican que no ano 2031 este rango de idades gañará peso no colectivo ata o 18,5%. Por outra parte, diminuiría a proporción de persoas de 80 a 84 anos, que pasaría do 18,1% ao 15,8%.

### Estrutura por grupos de idade da poboación de 65 ou máis anos. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos; INE. Proyecciones de población (descarga da serie ata 2017 e dende 2018-2031 (datos proxectados))

Outro indicador que mide habitualmente a estrutura deste colectivo é o “Índice de sobreenvellecemento”, que calcula a porcentaxe que representa a poboación de 85 ou máis anos sobre o grupo de 65 ou máis anos. No ano 2017 este indicador tomou o valor de 17,5 en Galicia e 16 en España.

## Evolución do índice de sobreenvellecemento. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo (descarga da serie ata 2017 e dende 2018-2031 (datos proxectados))

Unha das preocupacións que xorde a raíz do envellecemento dunha poboación é como se incrementa a denominada poboación en idade potencialmente dependente; o “Índice de dependencia senil” calcula cantos individuos de 65 ou máis anos viven nun territorio por cada 100 persoas en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos). Este indicador en Galicia presenta un incremento continuo nos últimos anos e grandes diferenzas entre ambos os dous sexos.

## Evolución do índice de dependencia senil segundo o sexo. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)



Fonte: IGE. Indicadores demográficos; INE. Proyecciones de población (descarga da serie ata 2017)


## Indicadores sociais e educativos

Os galegos de 65 ou máis anos viven maioritariamente en fogares compostos unicamente por persoas dese grupo de idade.

As provincias de Ourense e Lugo son as que presentan maiores porcentaxes de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros neste grupo de idade.

**Persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros nese grupo de idade. Galicia**

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

**Persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros nese grupo de idade. Galicia**

Unidade: porcentaxe (%)


<b>Espazo</b>	<b>2007</b>	<b>2016</b>
Galicia	51,2	56,0
- A Coruña	48,7	55,4
- Lugo	53,6	57,1
- Ourense	63,3	64,2
- Pontevedra	46,6	52,5

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Por outra parte, os fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son maioritariamente unipersoais.

### Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia. Ano 2016

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

O estado civil máis habitual tanto en Galicia como en España das persoas de 65 ou máis anos é o de “casado”; esta porcentaxe aproxímase ao 60% en ambos os dous casos.

## Distribución da poboación de 65 ou máis anos segundo o estado civil. Ano 2017

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

En canto ao nivel educativo alcanzado polas persoas de 65 ou máis anos, é inferior en Galicia a porcentaxe de persoas sen estudos, denominados na clasificación da *Enquisa de poboación activa (EPA)*, fonte desta información, como “Analfabetos”, con respecto ao total de España.



## Distribución da poboación de 65 ou máis anos segundo o nivel de formación alcanzado. Ano 2017

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Moi relacionado co nivel de formación alcanzado é o uso das TIC por parte do colectivo de persoas maiores. Nas seguintes gráficas pode consultarse o uso do ordenador, de internet, do comercio electrónico e do teléfono móbil por parte das persoas de 65 a 74 anos no último ano dispoñible.

## Porcentaxe de persoas de 65 a 74 anos que durante 2017 usou...

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares ([descarga da táboa](#))

## Indicadores sanitarios

As principais causas de defunción das persoas de 65 e máis anos en Galicia, segundo a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) 10ª revisión, son as enfermidades do sistema circulatorio e os tumores.

### Defuncións de persoas de 65 ou máis anos segundo a causa. Galicia. Ano 2016

Unidade: porcentaxe (%)

Causa	Ambos sexos	Homes	Mulleres
I Enfermidades infecciosas e parasitarias	1,2	1,1	1,3
II Tumores	24,5	31,6	18,1
III Enfermidades do sangue, órganos hematopoiéticos e inmunidade	0,6	0,5	0,7
IV Enfermidades endocrinas, nutricionais e metabólicas	2,8	2,6	3,1
V Trastornos mentais e do comportamento	8,3	5,5	10,9
VI-VIII Enfermidades do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	5,5	4,6	6,2
IX Enfermidades do sistema circulatorio	33,4	29,6	36,8
X Enfermidades do sistema respiratorio	11,7	13,1	10,5
XI Enfermidades do sistema dixestivo	4,4	4,5	4,3
XII Enfermidades da pel e do tecido subcutáneo	0,5	0,3	0,7
XIII Enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo	0,6	0,4	0,7
XIV Enfermidades do sistema xénitourinario	3,2	2,9	3,6
XV Embarazo, parto e puerperio	0,0	--	0,0
XVI Afeccións orixinadas no período perinatal	0,0	0,0	0,0
XVII Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas	0,1	0,0	0,1
XVIII Síntomas, signos, achados anormais clínicos ou de laboratorio	0,5	0,3	0,6
XX Causas externas de mortalidade	2,8	3,2	2,4

Nota: (–) Non procede. A información do 2016 ten carácter provisional.

Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte ([descarga da táboa](#))

## Estancia hospitalaria media de persoas de 65 anos ou máis. Ano 2016

Unidade: días

Idade	España	Galicia
De 65 a 74 anos	8,3	8,9
De 75 a 84 anos	9,6	10,0
De 85 a 89 anos	10,3	10,2
De 90 a 94 anos	10,3	9,7
De 95 anos e máis	10,3	9,4

Fonte: INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria ([descarga da táboa](#))

## Defuncións de persoas de 65 ou máis anos, segundo grupo de idade e causa. Galicia. Ano 2016

Unidade: porcentaxe (%)

Idade	Tumores	Enfermidades do sistema circulatorio	Outras causas
65 a 69 anos	53,7	20,6	25,7
70 a 74 anos	46,9	23,0	30,1
75 a 79 anos	37,4	26,7	35,9
80 a 84 anos	27,4	31,9	40,7
85 a 89 anos	18,7	36,1	45,3
90 a 94 anos	11,1	39,7	49,2
95 ou máis anos	7,1	41,7	51,4

Nota: a información do 2016 ten carácter provisional. Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte ([descarga da táboa](#))

Por grupos de idade, as causas predominantes nos individuos menores de 80 anos son os tumores, mentres que as enfermidades do sistema circulatorio son máis frecuentes nas defuncións de persoas de 80 anos e máis.

A estancia hospitalaria media das persoas de 65 ou máis anos é superior en Galicia que no total de España para os grupos de idade de menos de 85 anos, segundo os datos do ano 2016.

## Esperanza de vida aos 65 anos. Ano 2016


Unidade: anos

Espazo	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Unión Europea 27	20,0	18,2	21,6
España	21,6	19,4	23,6
Galicia	21,4	19,1	23,4
- Pontevedra	21,4	19,2	23,4
- Ourense	21,9	19,8	23,9
- Lugo	21,3	19,2	23,2
- A Coruña	21,2	18,8	23,2

Fonte: IGE. Indicadores demográficos; INE. Indicadores demográficos básicos  
([descarga da táboa](#))

## Evolución da esperanza de vida aos 65 anos segundo o sexo. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

A esperanza de vida aos 65 anos en Galicia, entendida como unha estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que chega con vida aos 65 anos no ano de referencia, no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia, situouse en 2016 en 21,4 anos.

## Indicadores laborais e económicos

O 1,1% da poboación activa galega pertencía no ano 2017 ao grupo de idade de 65 ou máis anos (en España, 0,8%), segundo os datos extraídos da EPA. Por outra parte, o colectivo de persoas de 65 ou máis anos inactivas representa o 58,7% do total de persoas inactivas en Galicia; no total de España esta porcentaxe é inferior, o 51,4%.

### Porcentaxe que representa a poboación de 65 ou máis anos, segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Ano 2017

Unidade: porcentaxe (%)

<b>Actividade</b>	<b>Ambos sexos</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Activos	1,1	1,1	1,2
- Ocupados	1,3	1,3	1,3
- Parados	0,2	0,1	0,3
Inactivos	58,7	58,3	59,1


*Nota: (–) indica que non se dispón do indicador por falta de observacións na mostra*

*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))*

O número de pensionistas de 66 ou máis anos en Galicia supera o medio millón de persoas desde o ano 2009, segundo a información da AEAT.

## Número de pensionistas de máis de 65 anos. Galicia

Unidade: persoas



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))

## Importe medio anual das pensións. Ano 2016

Unidade: euros


Espazo	Ambos sexos	Homes	Mulleres
De 66 a 75 anos			
- España	16.792	19.655	13.207
- Galicia	14.647	17.246	11.692
Maior de 75 anos			
- España	12.769	15.255	10.881
- Galicia	11.232	13.048	9.979

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))

O importe medio anual desas pensións é superior no grupo de idade de 66 a 75 anos (14.647 euros) que no de 76 anos ou máis (11.232 euros) en Galicia, segundo a información relativa ao ano 2016.

### Pensión media anual dos pensionistas de máis de 65 anos. Galicia

Unidade: euros



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias ([descarga da táboa](#))



Pode consultarse o proxecto desta estatística na seguinte ligazón:  
<http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/21-103SistemaDeIndicadoresDeLonxevidade.pdf>

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <http://www.ige.eu>